<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en contextos das ciencias sociais. - Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto. - Cálculo da derivada dunha función nun punto mediante a definición en casos sinxelos. - Regras de derivación e a súa aplicación ao cálculo de derivadas. Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto. - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza

Contidos

- e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
7	PROBABILIDADE	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada	Adquire coñecemento de técnicas de reconto a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	PE	95
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas a través dos principios do produto e da adición, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega as estratexias dos diagramas de árbore e as técnicas de combinatoria, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.		
CA2.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o concepto de probabilidade como medida de incerteza de fenómenos aleatorios en problemas de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire coñecemento de probabilidade de experimentos compostos a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.		
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas de cálculo de probabilidade polo método frecuentista e pola regra de Laplace, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións que se expoñan nas ciencias sociais.	TI	5
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa	Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento e fomentando o benestar grupal.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte e a terminoloxía apropiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Concepto e utilidade das técnicas de reconto. - Aplicación dos principios do produto e da adición á resolución de problemas. - Uso dos diagramas de árbore e das técnicas da combinatoria (variacións con e sen repetición, combinacións e permutacións), para resolver situacións da vida real. - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios. - Incerteza.

Contidos

- Cálculo da probabilidade para partir do concepto de frecuencia relativa.
- Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto, incluída a combinatoria. Axiomática de Kolmogorov.
- Cálculo de probabilidades en experimentos compostos.
- Resolución de problemas utilizando técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

UD	Título da UD	Duración
8	ESTADÍSTICA	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	Adquire o novo concepto de variable bidimensional construíndo a táboa de dobre entrada. Calcula as distribucións marxinais e condicionadas en problemas de forma guiada.	PE	95
CA4.2 - Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Representa graficamente variables bidimensionais estruturando razoamentos matemáticos como o grao de relación e emitindo xuízos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Manexa estratexias e ferramentas dixitais na regresión lineal e cadrática e fai valoración gráfica da pertinencia do axuste, diferenciando entre correlación e causalidade.		
CA4.4 - Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, para resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	Emprega estratexias para resolver problemas de cálculo de coeficientes de correlación lineal e de determinación, cuantificando a relación lineal entre variables do mundo real e facendo predicións.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.		
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se expoñan nas ciencias sociais.	Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións que se expoñan nas ciencias sociais.		
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afrontar as situacións de incerteza, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.		
CA5.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	TI	5
CA5.4 - Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións sa	Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento e fomentando o benestar grupal.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte e a terminoloxía apropiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Variables bidimensionais: distribución conxunta e distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. - Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. - Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos das ciencias sociais. - Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. - Inferencia.

Contidos

- Deseño de estudos estatísticos relacionados coas ciencias sociais utilizando ferramentas dixitais. Técnicas de mostraxe sinxelas.
- Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais mediante ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.
- Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.
- Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario.
- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Propónse empregar as seguintes liñas:

1. Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

- Deberanse graduar con coidado os planos de abstracción. A formulación abstracta é o obxectivo a conseguir despois da práctica de situacións concretas.

- Procurarase presentar os conceptos a partir de problemas introdutorios que ilustren, desde o concreto, a necesidade da súa definición. Consecuentemente, fuxiremos da definición axiomática e formal sen comentarios xustificativos.

2. Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.

- Distinguímos entre exercicios e problemas. É necesario exercitar técnicas formais, desde logo, pero non se debe reducir a resolución de problemas a meros estereotipos nos que a receita prima sobre o razoamento. A verdadeira aprendizaxe maniféstase cando o alumnado é capaz de aplicar os conceptos ensinados en situacións diferentes dos modelos explicados.

- Promover en todo o posible a autocorrección.

3. Uso de materiais e procedementos de resolución variados.

- Non adoptar unha didáctica ríxida, senón adecuala na clase a cada tipo de alumno, observándoo constantemente.

- Procurar diversificar a oferta de contidos e métodos de traballo adaptados ás diferentes capacidades do alumnado, evitando esforzos inalcanzables para uns ou exercicios monótonos e repetitivos para os mais dotados, intentando que todo alumno teña éxitos que eviten o seu desalento.

4. Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.

5. Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

6. Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

7. Presentar as Matemáticas como unha unidade e non en compartimentos estancos sen relación ente si.

8. Intensificar a realización de actividades e problemas en contextos reais (tipo Probas de Diagnóstico, tipo PISA) que contribúan a que o alumnado adquira as competencias básicas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes de teoría elaborados polo profesor.
Boletín de exercicios de cada unidade didáctica elaborados polo profesor.
Aula virtual do centro.
Calculadora científica.
Procesadores de texto como Microsoft Word ou Libre Office Writer, follas de cálculo como Microsoft Excel ou Libre Office Calc, e programas dinámicos de matemáticas como o Geogebra.
Dotación da aula (encerado dixital, internet, pupitres, encerado,...)

Ademais dos apuntamentos coa teoría e os boletíns de exercicios, é fundamental traballar a destreza para realizar cálculos matemáticos empregando a calculadora científica. Tamén é de gran interese o manexo de programas matemáticos como poden ser o Geogebra (que será de gran utilidade para, por exemplo, representar funcións) ou o Photomath (moi útil para comprobar o resultado de operacións complexas ou solucións de ecuacións) .

Usarase a Aula Virtual do centro para subir os apuntamentos e para que o alumnado entregue todas as tarefas requeridas polo profesor, ademais de ser un medio de comunicación entre o profesor e o alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao longo das primeiras semanas do curso e poderán realizarse de diversas maneiras:

- Observación e preguntas formuladas na clase.

- Realización de exercicios na clase.

- Saídas ao taboleiro.

- Entrega de actividades realizadas polo alumnado.

- Realización dunha proba escrita.

A partir de todos os datos recollidos mediante este procedemento, avaliarase se o alumnado ten adquiridos ou non os contidos mínimos de cursos anteriores necesarios para afrontar o curso actual.

Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	5	17	13	20	14	14	5	100
Proba escrita	95	95	95	95	95	95	95	95	95
Táboa de indicadores	5	5	5	5	5	5	5	5	5

Criterios de cualificación:

Convén aclarar en primeiro lugar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se domine toda a anterior. En consecuencia, a superación dunha avaliación non supón a superación de todas as anteriores e, en particular, a nota final pode ser inferior á nota da terceira avaliación. Durante a realización do exame, o alumnado só debe dispor do material que permita expresamente o profesor, estando totalmente prohibido o uso de smartphones. En caso contrario (chuletas, móbiles...), o alumno ou alumna perderá o dereito a realización do exame que lle será recollido polo profesor, notificado a xefatura de estudos e recollido no xade e recibirá a cualificación mínima.

En xeral, este Departamento aplicará o seguinte procedemento cualificador para o 1º curso de bacharelato:

Ao remate de cada avaliación a cualificación do alumnado obterase da seguinte forma:

- Probas escritas (peso 95%): corresponderá a media ponderada dos exames realizados nesa avaliación, tendo en conta que o peso de cada exame será a suma dos pesos outorgados a cada unha das unidades didácticas que se avalíen en dito exame.

- Táboa de indicadores (peso do 5%), para a que se terán en conta os seguintes criterios:

- Resolución de exercicios de boletíns ou fichas de traballo entregadas en tempo e forma: 1%
- Resolución de exercicios na clase para valorar o seguimento diario da materia: 2%
- Resolución de tarefas na casa: 2%

Se algún dos criterios anteriormente citados non fose avaliado (porque o profesor así o decide) a súa porcentaxe asignada repartirase de maneira equitativa entre os demais criterios.

A cualificación definitiva de cada avaliación determinará o alumnado que aproba a avaliación (media non inferior a 4,5) e que alumnado a suspende (media inferior a 4,5).

Unha vez rematada a terceira avaliación, a avaliación final ordinaria calcularase facendo a media ponderada das

cualificacións definitivas de cada avaliación, tendo en conta que no caso de que ao remate da 3ª avaliación algunha ou algunhas unidades didácticas non sexan impartidas, o seu peso distribuirase de forma equitativa entre as demais unidades didáctica da 3ª avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a primeira avaliación terá que seguir o correspondente programa de recuperación e deberá presentarse a proba escrita que poñerá fin a dito programa. A cualificación obtida por un alumno ou alumna neste programa de recuperación determinará se continúa coa mesma cualificación que tiña na primeira avaliación ou se se modifica (modificarase no caso de obter máis nota na proba de recuperación que na orixinal).

- No caso de modificación , a nota da avaliación será a media ponderada : 90% nota do programa de recuperación, 10% nota da 1ª avaliación; exceptuando o caso de que a nota da recuperación sexa positiva (maior ou igual que 4,5) e a media ponderada saia negativa (menor que 4,5) en cuxo caso quedaría un 4,5 como nota definitiva da avaliación.

- No caso de que se realice máis dun exame de recuperación dunha mesma avaliación, elixiríase como nota da recuperación a maior de todas.

- Procederase da mesma forma co alumnado que suspenda a segunda e a terceira avaliación.

Unha vez rematado o programa de recuperación da 3ª avaliación, calculamos a cualificación final facendo a media ponderada das cualificacións definitivas de cada avaliación, que non teñen porque coincidir coas cualificacións que aparecen no boletín de notas, e distinguiremos dous casos:

- Se a cualificación final non é inferior a 4,5, o alumno/a terá a materia aprobada.

- Se a cualificación final é inferior a 4,5, o alumno/a terá a materia suspensa.

O alumnado que non aprobe na avaliación final ordinaria de xuño terá que presentarse á proba final da convocatoria extraordinaria, que se cualificará cun máximo de 10 puntos. Aprobará o alumnado que obteña nesta proba unha cualificación non inferior a 4,5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do departamento dividirá os contidos esixibles entre os dous parciais, abarcando ámbolos dous a totalidade de contidos esixibles.

Ao comezo de cada unha das dúas fases ou parciais, cada profesor do departamento entregarlle aos seus alumnos que teñan a materia pendente unha serie de actividades que deben entregar realizadas antes de que remate o parcial. Estas actividades serán elaboradas polo Departamento e serán deseñadas, de acordo cos contidos esixibles e os criterios de avaliación referidos anteriormente, para orientar o máximo posible aos alumnos de cara a proba escrita que deberán facer ao final de cada parcial. As preguntas desas probas escritas serán similares as actividades propostas.

O alumnado deberá facer os exercicios de cada unha das partes, e ten de prazo para entregalos unha semana antes da realización de cada proba parcial escrita, que entregará ao profesor/a do curso actual para a súa revisión. Unha vez corrixidos polo profesor/a devolveránselle ao alumnado para que reelabore os respostas incorrectas. O alumnado poderá consultar as dúbidas que se lle presenten na resolución dos exercicios ao profesor/a da materia na clase ou ben no lugar de atención que ambos acorden. As datas das probas escritas serán fixadas pola Xefatura de estudos e comunicaránselle ao alumnado (tamén no taboleiro de anuncios), coa suficiente antelación e a ser posible sen coincidir con outras probas.

En cada parcial, a avaliación do traballo feito polos alumnos nas actividades propostas correrá a cargo dos seus respectivos profesores do departamento, mentres que a avaliación das probas escritas finais correrá a cargo dos profesores designados ao respecto polo Departamento.

A avaliación do traballo feito nas actividades dará lugar a unha nota máxima de 1 punto (valorándose o grao de

realización das actividades propostas, a claridade e coherencia ordenada e razoada na exposición das respostas) e a avaliación da proba escrita a unha nota máxima de 9 puntos. A cualificación definitiva do parcial será a suma de ambas as dúas notas e considerarase que un alumno superou o parcial cando esa cualificación definitiva non sexa inferior a 4,5 puntos. No caso de que alumnado non entregue os exercicios no prazo establecido, terá unha cualificación nula nesta parte.

Superarán a materia pendente os alumnos/as que, ao considerar as súas cualificacións definitivas nos dous parciais, obteñan unha nota media non inferior a 4,5 puntos. En caso contrario, terá que presentarse a proba final e examinarse do parcial ou parciais suspensos. A cualificación obtida por un alumno ou alumna neste proba final determinará se continúa coa mesma cualificación que tiña en cada parcial ou se se modifica (modificarase no caso de obter máis nota na proba final que na orixinal). No caso de modificación, a nota de cada parcial calcularase do mesmo xeito que ao principio, é dicir, a suma da nota do traballo (máximo 1 punto) máis a nota do parcial (máximo 9 puntos), exceptuando o caso de que a nota do parcial ou parciais realizados na proba final sexa positiva (maior ou igual que 4,5 sobre 10) e a suma anterior sexa negativa (menor que 4,5) en cuxo caso quedaría un 4,5 como nota definitiva do parcial correspondente.

Unha vez rematada a proba final, superarán a materia pendente os alumnos que, ao considerar as súas cualificacións definitivas nos dous parciais, obteñan unha nota media non inferior a 4,5 puntos.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Dado que no curso de 1º de Bacharelato non pode haber alumnado que precise acreditar os coñecementos necesarios nesta materia, non procede sinalar nada neste apartado.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha vez iniciado o curso, o profesorado que imparta a materia de Matemáticas, seguindo a normativa vixente (Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro (PXAD), encargárase de:

- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos, ben por dificultades de comprensión, ben por padecemento dalgún trastorno ou síndrome, ou ben por altas capacidades intelectuais semelle, que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe normal na materia de Matemáticas.
- Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurárase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
- Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.
- Propoñer, na correspondente xunta de avaliación inicial, o alumnado que precisa algún tipo de medida de atención á diversidade na materia de Matemáticas.
- Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estime oportunas.
- Aplicaranse os diferentes protocolos publicados pola Xunta de Galicia para a Atención á Diversidade en función das necesidades detectadas (altas capacidades, TDAH, TEA, dislexia, etc.).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X			X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A pesar de que a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade non se tratarán de forma específica nas unidades didácticas deste curso, teranse en conta durante o desenvolvemento das clases.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

Ademais, evítanse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou a identidade de xénero, e incorporárase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexan non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ningunha	Non haberá actividades complementarias para este curso.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación. (Proceso do ensino)
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula. (Proceso do ensino)

9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. (Práctica docente)
Metodoloxía empregada
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado. (Proceso do ensino)
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe. (Proceso do ensino)
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. (Proceso do ensino)
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado. (Práctica docente)
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. (Práctica docente)
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo. (Práctica docente)
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos. (Práctica docente)
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos. (Práctica docente)
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros. (Práctica docente)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6. Potenciar estratexias de animación á lectura. (Práctica docente)
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita. (Práctica docente)
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe. (Práctica docente)
Medidas de atención á diversidade
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado. (Proceso do ensino)
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise. (Práctica docente)
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade. (Práctica docente)
14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe. (Práctica docente)
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación. (Práctica docente)
Clima de traballo na aula
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado. (Proceso do ensino)
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado. (Proceso do ensino)
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado. (Proceso do ensino)
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. (Proceso do ensino)
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación. (Práctica docente)

Descrición:

No proceso de avaliación dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente, o departamento de Matemáticas establece os indicadores de logro que figuran anteriormente cunha escala de 1 a 4 aparellada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.

A avaliación será realizada ao final do curso, individualmente por cada membro do departamento e entregada ao xefe do departamento, para ser tida en conta na elaboración da memoria final do curso, e facer propostas de melloras para vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, etc.

As reunións do Departamento conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. E dicir, conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que van aparecendo.

De todas as maneiras, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Despois de analizar toda a información será cando en dita memoria final se desenvolvan as propostas de mellora da programación. Facilitarán esta análise os seguintes indicadores:

1. Respectar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas
2. Respectar a secuenciación prevista dos contidos para cada unha das unidades.
3. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.
4. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.
5. Respectar o plan de avaliación inicial fixado.
6. Respectar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.
7. Respectar os criterios establecidos para as recuperacións.
8. Respectar os criterios establecidos para a avaliación final.
9. Respectar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
10. Respectar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
11. Respectar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.
13. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.
14. Realizar as actividades complementarias previstas.
15. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
16. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.
17. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.
18. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.
19. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación.

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados